



Concello do Porriño

Concello do Porriño
TABOLEIRO DE EDICTOS MUNICIPALES

DOCUMENTO:

Data inicio de exposición: 30-01-2023

Data final de exposición: 29-02-2023

O Porriño, a de de

PROCESO SELECTIVO DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL PARA A COBERTURA DE PRAZAS DA OEP 2019, POLO SISTEMA DE CONCURSO. (GRUPO I).

ANUNCIO RESOLUCIÓN ALEGACIONES Á CUALIFICACIÓN DOS MÉRITOS DO CONCURSO.

O tribunal do devandito proceso selectivo resolveu as alegacións presentadas ao resultado da cualificación dos méritos do concurso, durante o prazo establecido no anuncio publicado o día 18-12-2023, no taboleiro de anuncios da sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, e de forma complementaria, na páxina web municipal www.oporriño.org, segundo se recolle de seguido:

-UNHA PRAZA DE DIRECTOR/A DO CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER (CIM) - ASESOR/A XURÍDICO/A, DA PLANTILLA DE PERSOAL LABORAL FIXO, GRUPO I.

1ª) INTERESADA: GARCIA PEON, MINERVA.- DNI *3968** (R.E. Nº.: 2023-E-RE-7790 de data 20/12/2023):**

Primeiro.- A interesada solicita que conforme ás manifestacións que se conteñen na súa alegación, se revise a puntuación, se proceda a modificar a puntuación outorgada e se a inclúa na Bolsa de dito Concello.

Segundo.- Que, respecto da cualificación dos méritos do concurso, as bases xerais do proceso selectivo establecen o seguinte:

“NOVENA.- CUALIFICACIÓN DOS MÉRITOS DO CONCURSO

1. Na fase de concurso comprobaranse e cualificaranse os méritos alegados polos aspirantes, que deben xustificarse con documentos orixinais ou copias cotexadas. A puntuación máxima será de 100 puntos, distribuídos do seguinte xeito:

A) Méritos profesionais (Máximo 70 puntos):

A.I. Por servizos prestados no mesmo corpo, escala, subescala ou categoría no Concello convocante: 0,70 puntos por cada mes completo de servizos prestados con vinculación temporal, ata un máximo de 70 puntos.

A.II. Por servizos prestados no mesmo corpo, escala, subescala ou categoría noutras Administracións Públicas ou en diferente corpo, escala, subescala ou categoría no Concello convocante: 0,35 puntos por cada mes completo de servizos prestados con vinculación temporal, ata un máximo de 70 puntos.

A.III. Por servizos prestados noutros corpos, escalas, subescala ou categorías noutras Administracións Públicas: 0,20 puntos por cada mes completo de servizos prestados con vinculación temporal, ata un máximo de 70 puntos.

Non se valorarán as fraccións de mes, entendendo un mes por 30 días naturais. A experiencia dos servizos prestados a tempo parcial será valorada de forma proporcional.

Os méritos profesionais deberán acreditarse mediante certificación expedida polo órgano competente da Administración pública correspondente, na que deberá figurar, como mínimo: a administración pública, o vínculo ou réxime xurídico, o posto ou praza desempeñado, o corpo, escala ou categoría, a porcentaxe de xornada e o cómputo total de días, meses e anos traballados. Para tal efecto non se terán en conta as fotocopias de contratos de traballo, nin a vida laboral expedida pola tesourería xeral da Seguridade Social. Enténdese por servizos prestados na Administración pública os que derivan dunha contratación laboral temporal, ou da condición de persoal funcionario interino, en calquera das súas modalidades.

B) Formación profesional (Máximo 30 puntos):

B.I) Por acreditar titulacións académicas oficiais que non se correspondan coa titulación mínima esixida para acceder ao proceso de selección, a puntuación que corresponde neste apartado será:

- Por cada titulación académica superior ao nivel de titulación requirido para o acceso ao proceso selectivo de estabilización: 2,00 puntos.

Eduardo Portela Fernández (1 para 1)
Secretario Xeral
Data de creación: 29/01/2024
HASH: 3446bde1ae59b72ff7780add2d48c7



Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579

Cod. Validación: 3F0E9JFGDNWJHLCA04RTCDJUT
Corrección: <https://oporriño.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 4





Concello do Porriño

B.II) Por cursos de formación organizados ou impartidos por Administracións Públicas ou homologados, ou outras entidades do sector público, universidades, colexios oficiais, sindicatos, ou os impartidos no ámbito da formación para o emprego ou os acordos da formación continua, cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias da praza obxecto da convocatoria. Valoraranse en todas as prazas a formación de carácter transversal (cursos de linguaxe administrativa do idioma galego, os relacionados coa prevención, a igualdade, a protección de datos, a atención ao cidadán, a protección do medio ambiente dende o ámbito laboral e os de contido ofimático, entre outros).

Os cursos de formación valoraranse a razón de 0,30 puntos por cada hora de formación.

A acreditación da formación realizarase mediante títulos, diplomas, certificados ou calquera outro documento con validez legal, que acredite a denominación da acción formativa, número de horas (no suposto de constar os créditos computarase a súa equivalencia en horas), e nome da entidade que a organiza. Non se terán en conta os certificados ou diplomas nos que non se especifique a duración do curso en número de horas ou número de créditos.
[..]

Terceiro.- Revisada a documentación aportada coa instancia e de conformidade coa transcrita Base novena, apartado A.III, resulta que a interesada aportou certificacións nas que non consta a porcentaxe da xornada que permita valorar a experiencia a que se refire na súa alegación.

Cuarto.- A citada base novena no apartado B), que engloba o apartado B.I) e B.II), determina como tope da puntuación de formación profesional un máximo 30 puntos, a alegante acada tal puntuación máxima coa valoración dos cursos de formación que acredita ter realizado, polo tanto esgotado o teito máximo de puntuación para formación profesional (30 puntos) resulta innecesario examinar e valorar os restantes méritos que por exceso se haxan acreditado.

Polo tanto, revisada a baremación realizada, este Tribunal ratifícase nas puntuacións outorgadas na cualificación dos méritos do concurso e no resultado do proceso selectivo da praza de Director/a CIM-Asesor/a Xurídico/a.

De conformidade co anteriormente exposto e coas Bases que rexen o proceso selectivo o Tribunal por unanimidade, **ACORDA:** Desestimar a alegación presentada por **GARCÍA PEÓN, MINERVA.**

2ª) INTERESADA: FERNANDEZ LOPEZ, ERICA.- DNI *4520** (R.E. N.º.: 2024-E-RE-46 de data 03/01/2024):**

Primeiro.- A interesada solicita que se realice unha nova baremación dos méritos profesionais, aplicando criterios diferentes aos previstos nas bases que rexen o referido proceso de selección.

O Tribunal considera que debe aplicar as bases, que son a norma do proceso, nos seus respectivos termos. Neste senso, a Sentenza do TSX de Galicia de data 22 de xaneiro de 2014, recurso n.º 288/2013, afirma:

"... las bases, méritos o criterios que debe tomar en consideración un Tribunal o Comisión son los fijados en la convocatoria y hechos públicos con antelación, o según ampare aquélla, en que fueron concretados por la Comisión según la expresa habilitación de las Bases. Tal Comisión ni puede valorar otros méritos ni dejar de valorar los establecidos. El principio de seguridad jurídica impone que los aspirantes conozcan de antemano los criterios y puntuaciones que serán objeto de valoración y el principio de preclusión y cierre comporta que una vez fijado por la convocatoria no está la Comisión facultada para adicionar o restringir aquéllos, aunque sí para interpretarlos."

Segundo.- Que, respecto da cualificación dos méritos do concurso, as bases xerais do proceso selectivo establecen o seguinte:

"NOVENA.- CUALIFICACIÓN DOS MÉRITOS DO CONCURSO

1. Na fase de concurso comprobaranse e cualificaranse os méritos alegados polos aspirantes, que deben xustificarse con documentos orixinais ou copias cotexadas. A puntuación máxima será de 100 puntos, distribuídos do seguinte xeito:

Concello do Porriño





Concello do Porriño

A) Méritos profesionais (Máximo 70 puntos):

A.I. Por servizos prestados no mesmo corpo, escala, subescala ou categoría no Concello convocante: 0,70 puntos por cada mes completo de servizos prestados con vinculación temporal, ata un máximo de 70 puntos.

A.II. Por servizos prestados no mesmo corpo, escala, subescala ou categoría noutras Administracións Públicas ou en diferente corpo, escala, subescala ou categoría no Concello convocante: 0,35 puntos por cada mes completo de servizos prestados con vinculación temporal, ata un máximo de 70 puntos.

A.III. Por servizos prestados noutros corpos, escalas, subescala ou categorías noutras Administracións Públicas: 0,20 puntos por cada mes completo de servizos prestados con vinculación temporal, ata un máximo de 70 puntos.

Non se valorarán as fraccións de mes, entendendo un mes por 30 días naturais. A experiencia dos servizos prestados a tempo parcial será valorada de forma proporcional.

Os méritos profesionais deberán acreditarse mediante certificación expedida polo órgano competente da Administración pública correspondente, na que deberá figurar, como mínimo: a administración pública, o vínculo ou réxime xurídico, o posto ou praza desempeñado, o corpo, escala ou categoría, a porcentaxe de xornada e o cómputo total de días, meses e anos traballados. Para tal efecto non se terán en conta as fotocopias de contratos de traballo, nin a vida laboral expedida pola tesourería xeral da Seguridade Social. Enténdese por servizos prestados na Administración pública os que derivan dunha contratación laboral temporal, ou da condición de persoal funcionario interino, en calquera das súas modalidades.

B) Formación profesional (Máximo 30 puntos):

B.I) Por acreditar titulacións académicas oficiais que non se correspondan coa titulación mínima esixida para acceder ao proceso de selección, a puntuación que corresponde neste apartado será:

- Por cada titulación académica superior ao nivel de titulación requirido para o acceso ao proceso selectivo de estabilización: 2,00 puntos.

B.II) Por cursos de formación organizados ou impartidos por Administracións Públicas ou homologados, ou outras entidades do sector público, universidades, colexios oficiais, sindicatos, ou os impartidos no ámbito da formación para o emprego ou os acordos da formación continua, cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias da praza obxecto da convocatoria. Valoraranse en todas as prazas a formación de carácter transversal (cursos de linguaxe administrativa do idioma galego, os relacionados coa prevención, a igualdade, a protección de datos, a atención ao cidadán, a protección do medio ambiente dende o ámbito laboral e os de contido ofimático, entre outros).

Os cursos de formación valoraranse a razón de 0,30 puntos por cada hora de formación.

A acreditación da formación realizarase mediante títulos, diplomas, certificados ou calquera outro documento con validez legal, que acredite a denominación da acción formativa, número de horas (no suposto de constar os créditos computarase a súa equivalencia en horas), e nome da entidade que a organiza. Non se terán en conta os certificados ou diplomas nos que non se especifique a duración do curso en número de horas ou número de créditos.

[..]

DÉCIMO PRIMEIRA.- CUALIFICACIÓN FINAL E RELACIÓN DE APROBADOS

1. Á cualificación final do proceso selectivo estará determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de concurso.

2. Determinada a cualificación final dos aspirantes o tribunal fará pública a relación de aprobados por orde de puntuación no taboleiro de anuncios e na páxina web da corporación.

3. O tribunal non poderá en ningún caso aprobar nin declarar que superou as probas selectivas un número superior de aspirantes ó de postos convocados en cada proceso selectivo. Calquera proposta de aprobados que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito.

4. No suposto de empate nas puntuacións totais finais de dous ou máis aspirantes, este resolverase de conformidade cos seguintes criterios ata que se resolva:

- 1º.- Maior puntuación obtida na cualificación de méritos no apartado I.A.
- 2º.- Maior puntuación obtida na cualificación de méritos no apartado I.A.I.
- 3º.- Maior puntuación obtida na cualificación de méritos no apartado I.A.II.
- 4º.- Maior puntuación obtida na cualificación de méritos no apartado I.A.III.
- 5º.- Maior puntuación obtida na cualificación de méritos no apartado I.B.
- 6º.- Estar ocupando unha das prazas obxecto da convocatoria.

Concello do Porriño





Concello do Porriño

7º.- En caso de infrarrepresentación do sexo feminino, o empate resolverase a prol da muller. Enténdese, para estes efectos, a existencia de infrarrepresentación cando no corpo, escala, grupo ou categoría exista unha diferenza porcentual de, polo menos, vinte puntos entre o número de mulleres e o número de homes.

8º.- De persistir o empate, este resolverase por sorteo."

Terceiro.- De conformidade coa documentación presentada polos distintos aspirantes, resultan as seguintes puntuacións:

- María del Rocío Carreira Pereiro:
 - Méritos profesionais: Acredita 224 meses de servizos prestados na mesma categoría da praza que se convoca realizados no Concello do Porriño. Acada a puntuación máxima de 70 puntos polo apartado 1.A.I de méritos profesionais.
 - Formación profesional: Acada a puntuación máxima de 30 puntos.
 - Cualificación final: 100 puntos.
- Érica Fernández López:
 - Méritos profesionais: Acredita 216 meses de servizos prestados na mesma categoría da praza que se convoca realizados no Concello de Sarria e 12 meses de servizos prestados en diferente categoría realizados no Concello de Sarria. Acada a puntuación máxima de 70 puntos polo apartado 1.A.II de méritos profesionais.
 - Formación profesional: Acada a puntuación máxima de 30 puntos.
 - Cualificación final: 100 puntos.
- Zaira Fernández Obenza:
 - Méritos profesionais: Non acredita servizos prestados en ningunha administración pública. 0 puntos
 - Formación profesional: Acada a puntuación máxima de 30 puntos.
 - Cualificación final: 30 puntos.
- Minerva García Peón:
 - Méritos profesionais: Non acredita servizos prestados en ningunha administración pública. 0 puntos
 - Formación profesional: Acada a puntuación máxima de 30 puntos.
 - Cualificación final: 30 puntos.

Do anterior resulta que se produce un empate a 100 puntos entre as aspirantes María del Rocío Carreira Pereiro e Érica Fernández López, resolvéndose o mesmo a favor de María del Rocío Carreira Pereiro por ser a aspirante que acredita a maior puntuación no apartado 1.A.I de méritos profesionais, sendo ademais a aspirante que acredita o maior número de meses de servizos prestados nunha praza da mesma categoría que se convoca.

Polo tanto, revisada a baremación realizada, este Tribunal ratifícase nas puntuacións outorgadas na cualificación dos méritos do concurso e no resultado do proceso selectivo da praza de Director/a CIM-Asesor/a Xurídico/a.

De conformidade co anteriormente exposto e coas Bases que rexen o proceso selectivo, o Tribunal por unanimidade, **ACORDA:** Desestimar a alegación presentada por **FERNÁNDEZ LÓPEZ, ÉRICA.**

Así mesmo o Tribunal, por unanimidade, ACORDA:

-Publicar os anteriores acordos no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaria, na páxina web municipal www.oporrino.org.

Documento asinado dixitalmente na marxe polo Secretario do tribunal.

Concello do Porriño

